



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 8 DE XULLO DE 2022

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día oito de xullo de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pére; D. Jesús Fernández García; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Elvira Lombao Vila; D^a Rita Castedo Meilán e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE MAIO DE 2022

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 6 de maio de 2022.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros

2-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE AXUDAS DIRECTAS AO SECTOR AGRARIO

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“M^a del Carmen Acacio López, voceira do Grupo Municipal dos Socialistas de Outeiro de Rei, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





Concello de Outeiro de Rei

As explotacións de produción de carne en Galicia, concretamente de vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola, están a atravesar unha situación límite que require de apoio público para garantir a súa continuidade.

Estes subsectores viñan sufrindo os efectos dunha crise estrutural dende hai moito tempo que foi agravada pola perturbación do mercado derivado da crise da pandemia, o incremento dos custos de produción a causa do aumento dos prezos das materias primas para alimentación animal, dos prezos da enerxía e dos combustibles iniciado o pasado ano e que se intensificou co conflito bélico na Ucraína.

A isto hai que engadir a dificultade que teñen os gandeiros para trasladar os incrementos dos custes de produción ao prezo que perciben.

Tendo en conta que estas explotacións están localizadas onde non existen alternativas á produción gandeira, principalmente en zonas de montaña e do interior, e que son fundamentais para o mantemento do tecido económico, social das súas comarcas, é preciso que se establezan axudas directas excepcionais para compensar as dificultades económicas que padecen.

Neste sentido, a Comisión Europea dispuxo 500 millóns de euros da reserva da crise dos cales 64,5 corresponden a España. Acolléndose á posibilidade establecida no Regulamento Europeo, o Goberno de España aprobou conceder axudas suplementarias ata o máximo permitido do 200% da axuda comunitaria, para o cal se destinaron case 129 millóns de euros con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, mobilizándose así unha dotación total de case 193,5 millóns de euros. Tendo en conta os sectores agrarios auxiliados e o peso deles en cada comunidade autónoma, a Galicia fóronlle asignados un total de 11,8 millóns de euros.

En Galicia, o ex-presidente Feijóo, logo da publicación do Regulamento Europeo comprometeuse a apoiar ao sector con fondos propios da Xunta de Galicia por un importe equivalente á contribución estatal.

O procedemento de concesión das axudas esata n estatais por parte do Ministerio de Agricultura está en marcha, e suporá pagos de 60€/vaca nutriz, 12€/becerro, 5 €/ovella e cabra e cantidades variables en función da capacidade das granxas de polos e coellos.

Lamentablemente, a Xunta de Galicia, a pesares do compromiso do ex-presidente do pasado mes de marzo e das declaracións do conselleiro do Medio Rural recoñecendo a gravidade da situación, aínda non publicou ningunha medida de apoio aos sectores gandeiros de produción de carne, como si fixeron xa outras comunidades autónomas.





Concello de Outeiro de Rei

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista insta ao Pleno da Corporación de de Outeiro de Rei a adoptar o seguinte acordo:

Que a Corporación Municipal de Outeiro de Rei inste á Xunta de Galicia a implementar con axilidade unha liña de axudas directas aos subsectores gandeiros de carne (vacún, ovino, cabrún, avícola e cunícola) habilitando para iso unha partida con cargo aos Orzamentos da Autónoma de Galicia, por unha contía equivalente á que as explotacións galegas van percibir en concepto de axuda excepcional regulada polo Real Decreto 428/2022.

Fai uso da súa palabra a concelleira do BNG, dona Elvira Lombao que afirma que o Pleno do concello debería apoiar estas axudas que son importantes para o sector da carne. Consideran que o que se debería facer é garantir o cumprimento da Lei de calidade alimentaria asegurando que os produtores non se vexan obrigados a vender por baixo do custo.

Está claro que o Goberno da Xunta non fixo nada para axudar e apoiar a este sector e é o que o debería facer de xeito inmediato.

Van a apoiar a moción deixando claro que o que realmente perxudica ao sector é o incumprimento da Lei de calidade alimentaria e non garantir que os produtores non vendan por baixo do custo. A aplicación correcta de esta Lei evitaría ter que destinar cartos públicos ao sostemento do sector.

O Alcalde fai uso da súa palabra dicindo que non coincide nas afirmacións que fan nin na forma de ver este problema. Neste momento hai un problema grave no sector agrogandeiro e en todos os sectores económicos.

O Estado dispón de un volumen inxente de fondos da U.E. e aínda non os repatiu a pesares de que as administracións están pedindo que se invirtan.

Non van a apoiar esta moción pero si anuncia que a Xunta de Galicia publicará nuns prazos curtos axudas ao sector da carne de máis de 80 euros por vaca, que se vai poñer case ao nivel das de Leite, e se vai a anticipar a PAC a custo cero para os gandeiros. Tamén se van abrir unhas liñas de crédito importante para os propios gandeiros a custo cero.

Advierte que se non se resolve o problema dos custos e da brutal inflación no sector agrogandeiro e do resto dos sectores vaise chegar a unha situación moi difícil en España. Podese chegar á situación de falta de alimentos.





Concello de Outeiro de Rei

O Goberno Central ten que solucionar isto. Para as vacas de Leite pon unha cantidade e para as de carne outra. Non entende esta discriminación económica.

Incorporase a concelleira Dona Begoña Seco Varela neste intre.

O Goberno de España sacou unha Lei que está prohibido mercar por baixo do prezo dos custos, pero non se está facendo nada por controlar iso. Iso é fundamental.

Evidentemente, non lle pide que cambie esta moción e se faga outra totalmente nova que sería decirlle ao Goberno Central que tome medidas serias e rápidas sobre o incremento dos custos. Entende que non vai a facer unha moción en contra do seu Goberno.

Non poden apoiar esta moción con esta argumentación e coa situación que se está dando actualmente.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio di que esta moción é moi similar á moción que se aprobou por unanimidade no Pleno da Deputación a finais de xuño. Non sabe a diferenza existe entre ambas mocións para que ésta non acade o respaldo do PP. Debería demostrar a postura do Goberno municipal de apoiar aos gandeiros, sobre todo os de Outeiro de Rei.

O Alcalde contéstalle que apoia aos gandeiros de Outeiro de Rei. Dende a Xunta non se vai a tomar ningunha medida especial para os gandeiros de Outeiro de Rei. Tampouco o fará o Estado. É fácil de comprender iso.

Se se compara as mentiras do Presidente do Goberno e o Presidente da Xunta ganase por goleada.

O Alcalde preguntalle á concelleira do PSdG-PSOE se segue mantendo a moción e dille que sí.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con 4 votos a favor dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE e con nove votos en contra dos concelleiros do PP.

3-MOCIÓN DO BNG PARA QUE O CONCELLO PROCEDA A BAIXAR OS IMPOSTOS E AS TAXAS UQE PAGAN POR IGUAL TODAS AS PERSOAS CON INDEPENDENCIA DOS SEUS INGRESOS





Concello de Outeiro de Rei

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“ Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA A QUE DEBIDO A SUBA DESMESURADA DOS PREZOS, O CONCELLO DE OUTEIRO DE REI PROCEDA A BAIXAR OS IMPOSTOS E TAXAS QUE PAGAN POR IGUAL TODAS AS PERSOAS INDEPENDENTEMENTE DOS SEUS INGRESOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tan só uns meses estabamos a falar de que as consecuencias económicas da pandemia da Covid-19 ían ser moi importantes e ían afectar sobre todo as capas da sociedade menos favorecidas, aquelas con menos ingresos e con salarios máis baixos.

Cando isto se estaba a constatar, estalou a guerra na Ucraína, agudizando e multiplicando estes efectos, onde o máis visible e evidente é a subida espectacular dos prezos, cuestión que fai que xa neste momento moitos fogares non poidan chegar a fin de mes nunhas condicións económicas dignas.

Mentres isto ocorre, vemos escandalizados como outros gañan máis cartos que nunca, facéndose aínda máis ricos a costa da ruína e empobrecemento da maioría.

Tamén hai unhas semanas, vimos en todos os medios de comunicación como o novo presidente do Partido Popular facía a proposta pública de rebaixar todos os impostos, precisamente para compensar este subida descontrolado do IPC.

No BNG cremos nunha política impositiva xusta e polo tanto que os impostos deben ser progresivos, onde pague máis quen máis cobra e evitando polo tanto todos aqueles impostos onde se paga independentemente dos ingresos que se teñan, onde pagan igual os ricos que os pobres.

Cinguíndonos ao que atinxe ao concello de Outeiro de Rei, estamos a falar de impostos como o do IBI da vivenda habitual ou taxas de servizos esenciais que temos que pagar toda a cidadanía, independentemente do que ingrese cada fogar.

É por iso, que sendo coherentes co que pensamos no BNG en materia de impostos e vendo a proposta que o propio Partido Popular está a facer noutras administracións, consideramos que o Concello de Outeiro de Rei tería que dar exemplo e proceder a rebaixar todos aqueles impostos e taxas que pagamos todos e todas por igual, axudando





Concello de Outeiro de Rei

así a compensar a subida desmesurada do nivel de vida ás capas sociais con menos ingresos.

Aínda así, somos conscientes que seguirá a haber persoas ou familias que non poderían facer fronte ao pago destes impostos ou que o seu pago lles vai provocar a carencia de outras cousas esenciais para a súa vida. Necesitáramos polo tanto dotarnos doutros mecanismos de axuda, os cales permitirían que estas persoas puideran pagar estes impostos sen ter que prescindir de gastos esenciais para a súa vida.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que se proceda a rebaixar xa neste exercicios do 2022 o IBI da vivenda habitual ao mínimo legalmente establecido.

2. Que se proceda a baixar todo o posible, ou polo menos volvelas aos valores anteriores á última subida, as taxas do lixo e do servizo de auga.

3. Que se habiliten mecanismos de exencións ou subvencións, reguladas por criterios públicos e obxectivos, destinados a axudar a pagar tanto as taxas como os impostos municipais a todas as persoas que teñan dificultades para facer fronte ao seu pago”.

A concelleira do PSdG-PSOE fai uso da súa palabra e di que baixar os impostos sempre será a conta de algo, coma os servizos sociais de axuda no fogar, algún recorte en infraestrutura, en servizos médicos, e logo só nos queda queixarse do mal que están os servizos que ofrece o concello de turno, a Xunta ou mesmo o Estado. Baixar impostos nos leva a acudir coa cabeza agochada a un hospital privado, a un colexio concertado ou a unha residencia privada, segundo o caso, coa protesta na boca pero contentos porque non pagamos máis o IBI ou a taxa que toque.

Entende que queren tomarlle a palabra ao relato do PP sobre que hai que baixar os impostos para que a cidadanía estea máis desafogada e suponse que visto o que eles mesmos proclaman esta moción tería que ser hoxe apoiada polos Srs. Concelleiros e concelleiras do PP.

Esperaba do BNG que solicitasen unha axuda aos máis vulnerables como petición na moción a este concello, pero nunha unha redución duns servizos á cidadanía oculta tras calquera baixada de impostos, ou inclusive como mencionaron de gravar as ganancias das grandes empresas. Non pode estar de acordo nos recortes duns servizos destinados ao benestar da xente e que son a base dunha sociedade moderna e feliz.





Concello de Outeiro de Rei

Como comprenderán non pode estar a favor polo que se vai a abster.

O Alcalde intervén que está abraiado, realmente non ten nada que dicir xa que a concelleira do PSdG-PSOE por esta vez dixo algo que é bastante razoable.

Sempre defenden a baixada de impostos pero non van a poder facelo, non porque non estean convencidos diso, pero necesitamos ter uns servizos públicos de calidade.

Xa contestou a concelleira do PSdG-PSOE a todo o que tiña que dicir. Máis abraiado está porque o BNG e o PSOE gobernan xuntos en todos os sitios que teñen a oportunidade, ata no Goberno Central e uns veñen a este concello a dicir un unha cousa e outros a contraria.

Se co tempo chegaran a ter sete concelleiros se unirían para gobernar neste concello. Non hai máis que mirar para o Goberno do Estado ou mirar ao Goberno que Xunta tivo fai uns anos. Ás veces non é todo culpa do PSOE, ás veces déixase ir e alíase con calquera.

Por suposto que lle gustaría ter unhas taxas municipais máis baixas. As taxas están equilibradas sempre por debaixo do custo real, e cada vez que se fai subida é porque se levan dous ou tres anos soportando gastos que, á postre, soportan tódolos veciños e veciñas de Outeiro de Rei.

Se soamente se fixeran servizos que foran da súa competencia sí se poderían baixar importos, pero isto non é así.

Por exemplo, si no servizo de axuda no fogar o Estado pagara o que ten que pagar e a Xunta pagara o que ten que pagar; que é o 50% do custe do servizo, o Concello aforraría aproximadamente 100.000 euros/ano.

Si os servizos sociais financiaran os custos dunha escola infantil o concello aforraría aproximadamente outros 50.000 euros. E se a Deputación ampliara o Plan Único un 30% máis.

O máis grave e que xa mencionou que o Goberno de España dispoña de 140.000 millón de euros da U.E. e os concellos non se benefician nada.

Cunha inflación do 10% coma a que estamos a soportar, os custes dos servizos incremántanse en igual porcentaxe e os das obras incluso un 20% ou 30%. A pesares diso, o concello de Outeiro de Rei ten os impostos máis baixos da Comarca.

Se se fai unha enquisa os veciños, que seguramente se terá que facer que non vai quedar máis remedio, seguro que prefieren manter os servizos, ter un bo servizo de axuda





Concello de Outeiro de Rei

no fogar e de conciliación familiar. Téñense servizos moi aceptables e uns impostos soportables.

O BNG traslada na moción dúas impresións terroríficas pero cree que interesadas: fala de unha guerra entre a OTAN e Rusia, entre Putin e a OTAN. Non está de acordo. Hai unha invasión de Rusia por parte de Putin a un país independente.

Se gobernan en conxunto deberían estar un pouco máis coordinados para defender políticas parecidas. Predicar é unha cousa e dar trigo é outra.

Si lles gustaría baixar os impostos porqué non o fixeron cando foi a última crise económica provocada por un Goberno de esquerda cando subiron o tipo de IBI a un 0,60 e este concello o baixou a 0,45, con un esforzo enorme?.

Este Goberno municipal é previsible na súa política e a xente sabe o que se vai a facer no futuro, polo que a xente confía nel e os referenda.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro, contéstalle ao Alcalde que contrariamente ao que dixo o BNG defende o que pensan ou que cree que é beneficioso para os veciños e veciñas de Outeiro de Rei, e que non pode esquecer que aproximadamente 700 persoas confiaron neles nestas últimas eleccións.

Se fose o caso e se necesitase do BNG para ir reclamar algún tipo de fondos para o concello sempre estarán ao seu lado. Os concellos son os maltratados por todas as administracións, polo Estado, pola Xunta e pola Deputación.

É inxusto que todos paguen impostos en todos os concellos da provincia e que os fondos se repartan en función de criterios completamente arbitrarios e vaian só para unha parte dos concellos.

Levao dicindo sempre sen excepción. É inxusto e incluso e ata prevaricador faga quen o faga, sexa o PP, BNG ou PSOE.

Os veciños confiaron neles para defender os seus intereses e non para defender os intereses dunha sigla ou de non sei quen que está non sabe onde.

En ningún momento defenden a eliminación de impostos. O BNG cree nunha liña impositiva progresiva, onte paguen os que máis teñen. Defenden que se axude aos que non poden pagar e se minoren aqueles impostos que son por definición inxustos. En plena pandemia créanse dúas dedicacións exclusivas, a pesares de que o Concello está endebedado ata as cellas e que non hai avaliación do traballo desas dedicacións nin se sabe as función que teñen. Subiuse un 60% a taxa do lixo e un 40% a taxa da auga e, por certo, aínda así cando chove hai que ir ducharse ao concello do lado.





Concello de Outeiro de Rei

O coherente sería, coma dixo a compañeira do PSdG-PSOE, que o PP votara a favor desta moción porque ao Sr. Feijóo encheuselle a boca de propoñer que se baixasen os impostos para compensar a subida do IPC e que cada administración de exemplo onde lle toque: a do Estado rebaixando o IRPF; a CCAA naquelo que ten que ter competencias e os concellos nos seus impostos como o IBI.

A Lei creada no Estado di que unha persoa que non ten que comer non se lle pode eximir do pago do IBI. O Sr. Alcalde non pode eximir ese pago pero si pode dotar de axudas para poder facer fronte a eses pagos.

É o segundo concello máis endebedado da provincia pero para pagar gastos correntes aínda se fose por baixar os impostos ou por facer investimentos aínda podía ser. É o único concello uqe non ten unha soa pista municipal no rural con aglomerado. En investimento “cero patatero”, como dicia o Sr. Aznar.

O Alcalde contéstalle ao concelleiro do BNG e dille que pode aplicar o crédito ao que queira. Senón se fixera a baixada de impostos con 250.000 euros ou case 300.000 euros máis cada ano, evidentemente en catro anos tiñase o préstamo que se tivo que pedir o ano pasado.

As inversións neste concello tamén son perfectamente comparables cos concellos nos que vostedes gobernan.

Dille ao concelleiro do BNG que ven aquí dar unha clase maxistral que todos saben baixar os impostos e manter os servizos. As conclusións que saca e que onde gobernan subiron os impostos e teñen uns servizos peor que os de este concello.

Están pedindo pistas con aglomerado e nas administracións nas que gobernan, afectandolles directamente, as estradas da Deputación están cheas de fochancas.

Non lle gustaría e fará o posible porque así non sexa, pero se tiveran a maioría neste concello aver canto baixaban os impostos e canto subían os servizos porque os concelleiros que ten o BNG e o PSOE son moito máis listos que o que hai polo resto da provincia.

No resto dos concellos baixan progresivamente de veciños e o Concello de Outeiro de Rei sube e pola propaganda que fai a oposición non él.

O Alcalde dille que non lle vai a permitir que diga que defende aos veciños e veciñas de Outeiro de Rei máis que él ou ca ningún dos concelleiros do equipo de goberno do concello, pedáneos ou colaboradores do PP deste concello. E está demostrado.





Concello de Outeiro de Rei

Os concellos son os discriminados por unha razón primeiro porque non legislan e vanlles atribuíndo competencias non acompañadas de diñeiro. Por exemplo unha competencia que ven da Xunta, para que vexa a súa coherencia e a súa disciplina. É disciplinado porque está nun grupo político e cando discrepa, discrepa dentro e non fora.

Non hai moito tempo lexislouse a nivel autonómico que os animais abandonados os recollen os concellos e di que non se poden sacrificar. Isto supón un gasto que houbo meses de subir o gasto de 3.000 euros de mantemento destes animais.

O Sr. Zapatero no seu momento crea unha Lei de dependencia que a vai a financiar ao 50 % o Estado e as CCAA e quen aproba unha Lei debería financiala ao 100% ou crear o recurso financeiro para aplicala. As CCAA aceptan que o executen os concellos e estes deciden de facelo ou non. E agora un servizo que prestan están financiando ao redor dun 20% ou un 30%. Ese diñeiro come recursos e ou se minoran servizos, que non se quere facer, endebedarse ou subir impostos.

Decirlle aos veciños e veciñas de Outeiro de Rei que non os van a deixar tirados nunca en situacións verdadeiramente preocupantes e o concello actuará anque iso lle coste endebedarse.

Non pode aprobar esata moción porque non poden executala.

O Alcalde preguntalle ao concelleiro do BNG se mantén a moción e dicelle que sí.

Neste punto tivo que ausentarse a concelleira dona Tanía Díaz Seijas.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con 3 votos a favor dos concelleiros do BNG e con oito votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención da concelleira do PSdG- PSOE.

4-MOCIÓN DO PP PARA ESIXIR AO GOBERNO SOLUCIÓNS URGENTES ANTES O DERRUBAMENTO DO VIADUCTO DE CASTRO

O Alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“José Pardo Lombao, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión que celebre a corporación municipal, a seguinte





Concello de Outeiro de Rei

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DO ESTADO SOLUCIÓN URXENTES ANTE O DERRUBAMENTO DO VIADUTO DO CASTRO NA AUTOVÍA A-6

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 8 de xuño derrubouse un treito dun dos viadutos da Autovía do Noroeste (A-6), en concreto, na ponte do Castro, entre a localidade leonesa de Vega de Valcarce e o municipio lucense de Pedrafita do Cebreiro. O punto exacto sitúase entre o quilómetro 431 e o 432 desta autovía, moi preto do límite entre as provincias de Lugo e León.

Oito días despois, o xoves 16 de xuño, o mesmo viaduto sufriu o derrubamento doutro dos seus vaos. Esa mesma semana, o Goberno anunciara que se abriría ao tráfico este verán o viaduto paralelo en dirección Madrid; pero tras este novo colapso, tivo que rectificar.

Trátase, en palabras do director xeral de Estradas do Ministerio de Transportes, dun “colapso sen precedentes na rede viría española”, que se produce nunha infraestrutura que estaba a ser obxecto de traballos de reparación. Dáse a circunstancia ademais, cando menos que teña transcendido, que, no proceso de revisión desta infraestrutura, non foi advertida ningunha deficiencia de relevancia que presaxiase esta situación. O derrubamento afectou ao carril en sentido A Coruña, que permanecía pechado desde hai un ano precisamente polas obras de mellora das que estaba a ser obxecto, e motivou o corte da circulación no viaduto lindeiro, en sentido Madrid, por un período de tempo indeterminado, así como o desvío do tráfico rodado pola antiga estrada nacional.

A zona afectada é unha das principais vías de comunicación entre Galicia e a Meseta e, polo tanto, supón un problema de envergadura nacional. As restricións á circulación de vehículos de transporte pesado e o desvío da circulación por unha vía que dificulta e incrementa notablemente o tempo de percorrido, terá para Galicia un impacto directo, tanto na actividade económica e turística como en varios sectores produtivos que empregaban esta vía de xeito habitual como espazo de paso dos seus transportes.

Resulta necesario coñecer as causas técnicas do desprendemento porque a seguridade da rede viaria non pode estar en entre dito, tendo en conta ademais que ese mesmo percorrido conta cunha moi ampla rede de viadutos para salvar as dificultades orográficas.

Cómpre saber canto antes o que pasou neste tramo no que se fixo un cuantioso investimento nas obras que se levaron a cabo; pero tamén urxe que o Ministerio de





Concello de Outeiro de Rei

Transportes traslade certezas para poder adoptar decisión inmediatas. A primeira delas: determinar, canto antes, se vai proceder a tirar a parte do viaduto que resta de pé ou vai esperar a que caia por si só, o que podería demorar os traballos de reconstrución.

Nese sentido, urxe que o Ministerio ofrezca alternativas inmediatas para o tráfico mentres duren os traballos de reconstrución do viaduto colapsado, que se alongarán no tempo. Tanto os veciños como os sectores produtivos véñense afectados polo peche da autovía ao estar obrigados a dar un rodeo pola estrada nacional, unha situación que se ve agravada polo incremento desorbitado do prezo dos carburantes e que prexudica, sobre maneira, ao tráfico de transportes especiais, que non poden empregar o desvío alternativo habilitado. De feito na reunión convocada recentemente pola Delegación do Goberno e celebrada o día 21 de xuño cos sectores implicados non se achegaron solución nin posibles rutas de desvío alternativas.

O grave e inexplicado percance ocorrido na A-6 no Castro agrava exponencialmente o illamento da provincia de Lugo atribuíble ás políticas de infraestruturas que desenvolve o goberno presidido polo Sr. Sánchez.

A este incidente na A-6 súmase á falta de avances reais na Autovía Lugo – Ourense (A-56), á lentitude coa que se desenvolven as obras na Autovía Lugo – Santiago (A-54) e ao continuado retraso na Autovía da Mariña (A-74).

Por todas estas razóns é imprescindible que o Goberno de España actúe con axilidade para dar solución ao problema, por canto a complexidade e circunstancias deste colapso evidencian unha situación de corte prolongado do que é un dos principais accesos a Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno de España para que:

1º- Actúe con toda a celeridade posible para dar solución ao problema xerado tras o derrube e peche á circulación do viaduto do Castro, na Autovía do Noroeste, unha das principais vías de entrada e saída de Galicia.

2º- Concrete as previsións sobre os traballos de reparación do viaduto afectado, así como das iniciativas dirixidas a revisar, inspeccionar e garantir a seguridade e funcionalidade dos viadutos da Autovía do Noroeste e da integridade desta infraestrutura viaria.





Concello de Outeiro de Rei

3º- *Busque todas as solución posibles para minimizar o impacto do peche da autovía para Galicia, en particular, para o transporte pesado que de xeito habitual empregaba esa vía e agora vese obrigado a utilizar o desvío alternativo habilitado.*

4º- *Ofreza información de xeito continuo e coa máxima transparencia para manter ao tanto das novidades aos cidadáns, concellos afectados, Deputación Provincial de Lugo e á administración autonómica, en aras de evitar posibles especulacións e desconfianzas”.*

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio dí que en un principio pensaba apoiar esta moción pero agora o Alcalde está cambiando a exposición de motivos. Está insinuando que hai que pedir responsabilidades políticas cando aínda non se sabe que provocou esa caída. Na Deputación o BNG, PP e PSOE apoiaron unha moción parecida pero sin tal petición. Por tal motivo, anuncia que en principio se absterá.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro afirma que no que atinxe á parte resolutiva o BNG estaría de acordo con todas e cada unha delas sen excepción, pero hai cousas que faltan. Fala de responsabilidades políticas que sí que hai que buscalas, pero tamén as debería haber económicas.

Non se pode esquecer outro detalle que non se mencionou: esta ponte ten aproximadamente uns vinte anos. Construíuse en plena época de “España va bien” cun Goberno presidido por Aznar onde excepto dous ministros todos pasaron polo xulgado e moitos pola cárcere. Nos consellos de administración das empresas que fixeron esa ponte están moitos de esos ministros.

Os que deseñaron e controlaron a construción da ponte algunha responsabilidade tamén terán.

Solicitan que se engada que se investiguen as responsabilidades políticas e económicas, tanto na súa construción como no seu intento de reparación. Senón inclúen na moción ésta solicitude o seu grupo vanse abster.

O Alcalde contéstalle á concelleira do PSdG-PSOE que dixo que aínda non se saben as causas. Unha vez pasado o mes dende o derrube debería saberse algo.

Para pedir responsabilidades haberá que saber se foi calquera das grandes constructoras, se foi o Sr. Aznar, o Sr. Zapatero, o Sr. Felipe González ou se foi Franco. Tamén podería ser que se deba a un problema xeolóxico da terra.

Na moción non piden responsabilidades de nada. O obxectivo desta moción é investigar o que pasa e darlles solucións aos cidadáns aos que se lles creou un enorme problema. E quen o ten que facer e o Goberno, que é o que ten a competencia.





Concello de Outeiro de Rei

Senón queren adherirse a esta moción estarán demostrando que son máis listos que outros concelleiros do BNG e PSOE dos restantes concellos ou que os Deputados da Deputación Provincial onde se aprobou esta mesma moción.

A concelleira do PSdG-PSOE di ao Alcalde que agora está enfocando a súa moción de xeito que primeiro se busquen as causas e logo pedir responsabilidades de todo tipo, pero ao principio estaba enfocando de xeito diferente. Este novo enfoque é razoable e, polo tanto, apoiará a moción.

O Alcalde dille a moción está escrita e de momento non propuxo ningunha modificación.

Sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP e da concelleira do PSdG-PSOE e con 3 abstencións dos concelleiros do BNG.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

